



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 25/10/2014

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D. Juan Silva Jallas
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Ausentes:

D. José Manuel Pérez Trillo
D.^a Montserrat Vázquez Miñones

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García

Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de setembro de 2014.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

O Sr. Rodríguez Blanco desculpa a ausencia da súa compañeira, a Sra. Vázquez Miñones, por motivos de traballo.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 27 de setembro de 2014 ao non formularse observacións.

2. Reclamación propiedade montes Milleira e Gorreis.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame favorable, por unanimidade de tódolos membros presentes, da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, celebrada o 21 de outubro de 2014, da que se transcribe só a parte dispositiva:

"(...) PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a que se pronuncie de xeito inmediato a favor da reclamación dos propietarios dos montes Milleira e Gorreis.

SEGUNDO.- Solicitar unha entrevista da comisión municipal creada para solucionar o problema dos Montes Milleira e Gorreis coa Dirección Xeral de Montes, para trasladarlles os acordos municipais.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Montes, á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural e do Mar na Coruña e á Delegada da Xunta na Coruña."

O alcalde explica que a Corporación unánimemente se pronunciou sobre este asunto, creouse unha comisión especial, reuniuse co xefe territorial de Medio Rural e plantexáralles unha solución viable. O 31 de decembro de 2013 celebrouse un pleno, no que se acordou recoñecer esa reclamación de propiedade e por tanto darlle vía libre para a reclamación dos montes. Dende entón tivo múltiples conversas e reunións e sempre lle dixeron que estaba na asesoría xurídica en Santiago. Eso lle dixeron na última reunión, hai quince días, e que incluso estaban pensando dividir o expediente en dous: por un lado descatalogación, e por outro reclamación. Ata agora estiveron agardando con diplomacia pero chegou o momento de adoptar unha postura institucional. Non quere agardar a marzo de dous mil quince, para que ninguén diga que é electoralista.

O Sr. Miñones Riveiro di que isto xa cheira, e cheira mal, porque despois do que loitaron os veciños e do apoio do concello, que agora lles digan que aínda o están estudando... Ou son tontos ou moi mal o están estudando... O PSOE vai máis aló e incluso apoiarían unha manifestación en Santiago.

O Sr. Soto Pérez di que non teñen dúbida do compromiso adoptado cos veciños, a pesares de que é un problema herdado. Hai que esixir o remate dese expediente, non se pode estar neste limbo. Pide que se invite á oposición cando haxa reunións cos veciños, pois sabe que onte houbo unha reunión. Manifesta o compromiso absoluto de IxV coa reclamación de propiedade dos veciños de Braño. Pide que por parte dos servizos municipais se emita informe sobre o estado do expediente e o sentido do silencio.

O Sr. Amado Sambade está dacordo en que isto leva moito tempo, uns nove ou dez anos, gobernaron uns e outros e o tema segue igual. Dende o PP sinala que apoia que o que é dos veciños volva a eles. Ofrécese para ir cos veciños a onde faga falla e di que a terra é de quen a traballa.

O Sr. Mancebo Amigo di que este problema é de hai corenta anos, non de hai nove ou dez, como dixo o voceiro do PP, que ten a súa orixe no franquismo. Non hai discusión sobre a propiedade do monte, porque supostamente o propietario é o concello, polo modelo de xestión forestal instaurado no franquismo. Coincide con Miñones en que é o momento de dar pasos, e o primeiro sería solicitar unha reunión co director xeral para que explique cales son os problemas que impiden que se resolva o expediente. Está ben que estean unidos nese punto pero non lle parece normal o dito por Amado porque PP non hai un en Vimianzo e outro na Coruña. Di que PP só hai un e se ao Sr. Amado non lle fan caso no seu partido debería renunciar a representar ao PP no municipio.

O Sr. Rodríguez Blanco, concelleiro non adscrito, di que teñen que estar máis unidos, porque o alcalde fai as reunións el só e vai á Coruña el só. Pide que o PP faga algo agora, xa que o bipartito non fixo nada cando gobernou.

O alcalde autoriza unha segunda quenda de intervencións.



Concello de Vimianzo

O Sr. Miñones Riveiro declina intervir por segunda vez.

O voceiro de IxV pide a todos que deixen o afán electoralista a un lado e traten de sacar esto adiante.

O voceiro do PP di que non lle parece xusto o que dixo o Sr. Mancebo, que acaba de gobernar catro anos o bipartito e a consellería de Medio Rural era do BNG. Non lle parece de recibo o que dixo e acúsao de ir polas portas días antes das eleccións contando aos veciños que o expediente estaba listo e non era certo.

O Sr. Mancebo Amigo di que o Sr. Amado ten toda a razón, pois gobernaron durante corenta anos e non fixeron nada, e o bipartito en tres anos e medio deixouno listo e chegou o PP e tumbouno para atrás. Di que non lle extraña que non lle fagan caso, pois cando poñen de presidente da xestora do PP a un veterinario é porque os tratan coma mascotas. Acusa a cargos do PP de chamar á Guardia Civil cando os veciños estaban no monte facendo traballos.

O concelleiro non adscrito pregunta se é o punto da orde do día falar de Eugenio.

O alcalde convídao a falar da orde do día.

O Sr. Rodríguez Blanco reitera a necesidade de que estean unidos.

O alcalde di que se a oposición precisa unha invitación especial para asistir ás reunións, a próxima vez farase. Di que para falar co xefe territorial fixo máis de cincuenta chamadas e para que o recibira amenazou con ir acompañado dos veciños, foi entón cando o recibiu. O alcalde pediulle ir acompañado da comisión especial de montes, pero o xefe territorial pediulle que fora só, o que significa que as noticias non eran boas. Claro que quixera ir acompañado de toda a Corporación, porque quere que se vexa que o PP vimiancés apoia esta reivindicación. Segue contando que o xefe territorial recibiu o acto seguido deixouno só con dúas funcionarias, por eso en dous minutos levantouse e marchou. Considera normal que haxa puntos de vista e matices, pero o importante é que a Corporación está unida. Se en trinta días non os recibe, hai que ir todos xuntos, con varios autobuses. Pídelle a Amado que todo o fincapé que fai aquí o faga nas reunións do partido e que saque unha nota de prensa pedindo que se resolva. Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, que representa a maioría absoluta do número legal de membros, aproba o ditame da comisión, que queda elevado a acordo.

3. Solicitude á Deputación da Coruña para a construción de sendas peonís en Roalo e Tufións.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame favorable, por unanimidade de tódolos membros presentes, da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, celebrada o 21 de outubro de 2014, da que se transcribe só a parte dispositiva:

"(...) PRIMEIRO.- Solicitar ao Presidente da Deputación que leve a cabo a realización dunha senda peonil na estrada DP-1603, entre Cereixo e Tufións, dando prioridade ao tramo comprendido entre a Igrexa e o Cemiterio.

SEGUNDO.- Solicitar ao Presidente da Deputación que leve a cabo a realización dunha senda peonil na estrada DP-9203, entre o lugar de Caxadas e a Igrexa de Castrelo.

TERCEIRO.- Manifestar a colaboración do Concello de Vimianzo para realizar as referidas sendas.

CUARTO.- Trasladar este acordo ao Sr. Presidente da Deputación e invitalo oficialmente a unha visita ao noso Concello, para tratar, entre outros, estes asuntos."

O alcalde explica que trae este asunto ao pleno porque se pediu varias veces nas últimas sesións. Di que estas actuacións xa foran solicitadas polo concello, que chamou á deputación en numerosas ocasións. Sinala que se están facendo sendas nos municipios limítrofes, en concreto na estrada que une Dumbria e Outes. Indica que no caso de Tufiños recolleuse tamén a opinión dos veciños, que estableceron unha prioridade: enlazar a igrexa e o cemiterio. Incluso hai disposición dos propietarios a ceder os terreos.

O Sr. Miñones Riveiro está totalmente dacordo. Lémbrralle ao alcalde a reclamación dunha senda peonil entre Calo e Pasarela.

O Sr. Soto Pérez manifesta que se sente moi cómodo hoxe no pleno porque son puntos traídos polo seu grupo. Di que a necesidade é evidente. É certo que en Tufiños se é posible hai que destinar un tramo a aparcadoiros. Di que se ao concello lle queda a opción de facer esa obra con plans provinciais, que se faga. Pídelle ao alcalde que se comprometa, en vista da dificultade existente de relacionarse co outras administracións.

O Sr. Amado Sambade está totalmente dacordo porque é unha obra moi necesaria.

O concelleiro non adscrito, Sr. Rodríguez Blanco, cre que é importantísimo incluír o tramo que vai de Novelle á igrexa de Serramo, e se a deputación a financia, que adxudiquen eles mesmos as obras, porque se o ten que facer o concello, pasará como na obra de Treos-Tines.

O alcalde dille ao concelleiro non adscrito que o Sr. Mancebo non é o constructor, pero en calquera caso é unha obra maravillosa, proba delo é que o Sr. Rodríguez Blanco está pedindo unha obra na mesma estrada, e cando a deputación non o fai, faino o concello. Di o alcalde que claro que poden asumir as competencias que non queiran asumir outras administracións. Pídelle ao PP que interceda e que lle diga a Diego Calvo que veña a Vimianzo e recibirao toda a Corporación. Respecto do dito polo Sr. Miñones, o alcalde está totalmente dacordo co plantexado, de feito tiveron unha reunión cos propietarios desa zona, na que incluso estivo a concelleira de IxV, pero houbo dificultades, non obstante non esquecen o tema.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, que representa a maioría absoluta do número legal de membros, aproba o ditame da comisión, que queda elevado a acordo.

4. Adhesión ao convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a FEMP para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame favorable, por unanimidade de tódolos membros presentes, da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, celebrada o 21 de outubro de 2014, da que se transcribe só a parte dispositiva:



Concello de Vimianzo

"(...) PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión íntegra ao Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio e a continuación dos trámites do presente expediente."

Consta no expediente o texto do convenio, que se transcribe íntegramente:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL ORGANISMO AUTÓNOMO JEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO Y LA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS PARA EL INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN Y LA MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA.

En Madrid, a de de dos mil seis.



REUNIDOS

De una parte el Ilmo. Sr. Director General de este Organismo, Don Pere Navarro Olivella, en nombre y representación del Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico, cargo para el que fue nombrado por acuerdo del Consejo de Ministros de fecha 7 de mayo de 2004 (B.O.E. núm. 112, de 8 de mayo de 2004.

Y de otra, el Sr. Secretario General de la FEMP, Don Julio Alberto Torres Pérez.

Reconociéndose ambos mutuamente capacidad suficiente para suscribir el presente Convenio,

EXPONEN

I

La Jefatura Central de Tráfico (en adelante JCT), es un Organismo Autónomo de los previstos en el artículo 43.1.a) de la Ley 6/1997, de 14 de abril, de Organización y Funcionamiento de la Administración General del Estado, cuya finalidad es el desarrollo de acciones tendentes a la mejora del comportamiento y formación de los usuarios de las vías, y de la seguridad y fluidez de la circulación de vehículos y la prestación al ciudadano de todos los servicios administrativos relacionados con éstas.

Ejerce la competencia de los Registros de Vehículos y de Conductores e Infractores atribuida al Ministerio del Interior en el artículo 5.h) del Real decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, por el que se aprueba el texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial.

La prestación al ciudadano de todos los servicios administrativos referidos en el párrafo primero de este expositivo y, en particular, los relativos a los procedimientos administrativos en materia de vehículos y de conductores, se lleva a cabo de manera fundamental por la Organización Periférica de la JCT, constituida por las Jefaturas Provinciales y Locales de Tráfico, que son las competentes para la realización de todos los trámites administrativos en estas materias.

II

La Federación Española de Municipios y Provincias (en adelante FEMP) es una asociación constituida por Entidades Locales, creada al amparo de la Disposición adicional quinta de la Ley 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, y declarada de utilidad pública mediante acuerdo del Consejo de Ministros de 26 de junio de 1985.

Entre los fines fundacionales y estatutarios de la FEMP están:

- El fomento y la defensa de la autonomía de las Entidades Locales.
- La representación y defensa de los intereses generales de las Entidades Locales ante otras Administraciones Públicas.
- La prestación de toda clase de servicios a las Entidades Locales.

Los Municipios son entidades básicas de la organización territorial del Estado y cauce inmediato de participación ciudadana en los asuntos públicos, que institucionalizan y gestionan con autonomía los intereses propios de las correspondientes colectividades.

Las Provincias e Islas son las Entidades Locales con personalidad jurídica propia, que gozan de autonomía para gestionar los intereses propios de las correspondientes colectividades.

III

Uno de los objetivos de la JCT es la agilización de los trámites administrativos que el ciudadano realiza diariamente en las Jefaturas Provinciales y Locales de Tráfico, siendo uno de éstos el cambio de domicilio de los permisos de circulación y de conducción. A través de este trámite se mantienen actualizados los domicilios de los titulares de los vehículos matriculados en España, que integran el censo de vehículos, así como de los domicilios de los titulares de autorizaciones administrativas para conducir que integran el censo de conductores y que constan, respectivamente, en el Registro de Vehículos y en el de Conductores e Infractores. Este trámite no genera tasa.

Paso previo y obligado a la realización de estos trámites lo constituye la obtención del certificado de empadronamiento, para lo cual el ciudadano ha de solicitar la inscripción en el Padrón municipal de habitantes, una vez acreditado el nuevo domicilio. Hay que tener en cuenta que, según dispone el artículo 16.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, en su redacción dada por la Ley 4/1996, de 10 de enero, los datos del Padrón municipal constituyen prueba de la residencia en el Municipio y del domicilio habitual en el mismo.

Como quiera que en el permiso de conducción que actualmente expiden las Jefaturas Provinciales y Locales de Tráfico no figura el dato del domicilio, bastaría con una simple comunicación a la Jefatura de Tráfico por parte de la Entidad Local correspondiente, para efectuar el cambio en el Registro de Conductores, sin ser precisa la expedición de un nuevo documento. En el supuesto de los cambios de domicilio del permiso de circulación, tras la comunicación de éste a la Jefatura de Tráfico, se expedirá un nuevo permiso que se remitirá al interesado.

Para ello sería suficiente que, por parte de las Entidades Locales que tengan encomendada la gestión del padrón municipal de habitantes, se interesara la cumplimentación por el ciudadano de una solicitud de duplicado del permiso de circulación o de conducción por cambio de domicilio. También sería factible la inclusión en el modelo de solicitud de empadronamiento en el Municipio correspondiente de una casilla que el ciudadano pudiera tachar con la siguiente leyenda: "con la presente solicito autorizar al



Concello de Vimianzo

Ayuntamiento de a que comunique a la Jefatura Provincial o Local de Tráfico el cambio de domicilio de mi permiso de circulación o de conducción”.

Además, las Entidades Locales deberán, en su caso, contemplar este supuesto de cesión en la normativa interna de seguridad que regule el uso del fichero del padrón de habitantes.

Ello evitaría al ciudadano desplazamientos innecesarios a las Jefaturas de Tráfico, debiendo tener en cuenta, además, que en la mayoría de las provincias existe solamente una que se sitúa en la capital de la provincia. En muchas ocasiones el ciudadano no comunica a la Jefatura de Tráfico su nuevo domicilio por no realizar este desplazamiento, lo que se traduce en que la información contenida en los Registros de Vehículos y de Conductores e Infractores no se encuentra actualizada.

El sistema permitiría una mayor actualización de ambos Registros que facilitaría, además, el ejercicio de sus competencias propias, tanto por parte de las Jefaturas de Tráfico como por los municipios y permitiría resolver ciertos problemas de éstos en relación con la gestión del Impuesto sobre vehículos de tracción mecánica.

IV

El Impuesto sobre vehículos de tracción mecánica (en adelante IVTM), es un tributo municipal que grava la titularidad de los vehículos de esta naturaleza aptos para circular por las vías públicas, considerándose que es apto para circular aquél que hubiera sido matriculado en el registro público correspondiente, es decir, en el Registro de Vehículos, y mientras no haya causado baja en éste.

La gestión del IVTM corresponde al ayuntamiento del domicilio que conste en el permiso de circulación del vehículo, con lo que se confiere al dato del domicilio legal de los titulares de los vehículos una gran trascendencia, hasta el punto de determinar qué ayuntamiento es el competente para la exacción del tributo.

Por ello, resulta imprescindible que el dato del domicilio de los titulares de los vehículos que consta en el Registro de Vehículos y, consecuentemente, en el permiso de circulación, esté actualizado.

El objetivo de calidad de servicio a los administrados que preside la actuación de los ayuntamientos, obliga a seguir avanzando en la colaboración mantenida con la JCT en los últimos años, colaboración que ha dado buenos resultados, para lograr que desaparezcan los problemas e incidencias que continúan produciéndose en la gestión tributaria.

Las Entidades Locales que tengan encomendada o delegada la gestión del Impuesto sobre vehículos de tracción mecánica también podrán colaborar en la tarea de actualización de los datos que obran en los Registros de Vehículos y de Conductores e Infractores correspondientes al domicilio de los interesados, a cuyo efecto se interesara la cumplimentación por el ciudadano de la solicitud de duplicado del permiso de circulación o de conducción por cambio de domicilio que figura en el anexo III al presente Convenio.

V

Es necesario facilitar la baja definitiva de determinados vehículos con cierta antigüedad, sin documentación, e incluso de vehículos abandonados o que fueron entregados para desguace en su día sin haber solicitado la anotación de la baja en el Registro General de Vehículos, a través de información suministrada por el Ayuntamiento a las Jefaturas Provinciales y Locales de Tráfico. De esta situación, en algunos supuestos, el Ayuntamiento tendrá conocimiento de manera directa y en otros a través de la información que a su vez les haya sido facilitada por cualquier autoridad competente. Con estas bajas, que podríamos denominar “por depuración”, se conseguiría adecuar la información contenida en el Registro a la

situación real del vehículo, al tiempo que se evitaría el incremento año tras año de una deuda "difícilmente cobrable" ya que el impuesto se sigue devengando mientras el vehículo siga dado de alta en dicho Registro.

De esta forma, se tramitarían directamente estos expedientes de baja evitando que el contribuyente tenga que desplazarse a la correspondiente Jefatura.

VI

En el marco de colaboración mutua que debe presidir las relaciones entre las Administraciones Públicas y conforme al principio establecido en el artículo 4, apartado 1, c), de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen

Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo

Común, los representantes de ambas partes consideran que sería muy beneficioso para el cumplimiento de sus respectivos fines, el establecer un protocolo estable de intercambio de información y colaboración entre las Entidades Locales y la Jefaturas Provinciales y Locales de Tráfico en materia de gestión de los censos de vehículos y de conductores/infractores, así como en lo que afecte a la gestión tributaria del IVTM y a la baja definitiva de determinados vehículos.

Por todo ello, los reunidos, suscriben el presente Convenio de colaboración entre la JCT y la FEMP, al amparo de lo establecido en el artículo 88 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, con sujeción a las siguientes

CLÁUSULAS

Primera.- Objeto del Convenio

El presente Convenio tiene por objeto la creación de un marco suficiente para la colaboración y el intercambio de información entre las Entidades Locales y la organización periférica del Organismo Autónomo JCT, en las materias que comprendan la gestión censal en lo que se refiere a los Registros de Vehículos y de Conductores e Infractores, así como en lo que afecte a la gestión tributaria del IVTM, conforme a lo previsto en el expositivo IV de este Convenio y la colaboración para la baja definitiva de determinados vehículos.

Este Convenio de Colaboración no supone renuncia a las competencias de cada Administración interviniente, ni afecta a otros acuerdos o colaboraciones que puedan existir actualmente entre ambas Administraciones.

Segunda.- Sistema de adhesión al Convenio

Cada Entidad Local, a través de su órgano de gobierno, enviará a la Jefatura Provincial o Local de Tráfico correspondiente a su ámbito territorial su solicitud de adhesión plena y sin condiciones al presente Convenio, en el modelo que se incluye como Anexo I (Solicitud de Adhesión).

La aceptación de tal adhesión, previos los trámites internos oportunos, será realizada por el Jefe Provincial o Local de Tráfico y, posteriormente, comunicada a la Entidad Local por conducto de la FEMP y a la Dirección General de Tráfico.

Realizados los trámites descritos se procederá a la suscripción del Protocolo de Adhesión en el modelo que se incluye como anexo II al presente Convenio entre la Entidad Local y el Jefe Provincial o Local de Tráfico.

Tercera.- Obligaciones de las Jefaturas Provinciales y Locales de Tráfico



Concello de Vimianzo

1. Mantener actualizados los datos de los domicilios correspondientes al censo de vehículos y de conductores en los Registros de Vehículos y de Conductores e Infractores.
2. Convenir con la Entidad Local correspondiente (Ayuntamiento/Diputación, Cabildo, Consejo Insular, según los casos) el sistema en el que deban efectuarse las comunicaciones de los nuevos domicilios, promoviendo en la medida en que sea posible el empleo de medios telemáticos (archivo informático, correo electrónico, etc.). De no ser posible, podrán utilizarse otros medios como el correo, fax, etc.
3. Anotar en el Registro de Vehículos y en el de Conductores e Infractores los cambios de domicilio en el plazo de diez días hábiles desde la recepción de la comunicación, y expedir un nuevo permiso de circulación.
4. Convenir con la Entidad Local el sistema de acceso a los datos que sobre los vehículos matriculados constan en el Registro de Vehículos, fomentando el empleo de sistemas telemáticos o el envío, en su caso, de los datos en formato electrónico.
5. Fomentar la institucionalización de la presencia de puestos de trabajo y de atención al público de las Entidades Locales en las dependencias de las Jefaturas Provinciales y Locales de Tráfico.
6. Poner a disposición de la Entidad Local, durante la primera quincena de cada mes, las variaciones producidas en el mes anterior correspondientes a los vehículos siempre que tengan trascendencia tributaria para la gestión del IVTM, fomentando en la medida en que sea posible que la comunicación se realice mediante la utilización de sistemas telemáticos.
7. Convenir con la Entidad Local correspondiente el sistema en el que deba efectuarse la comunicación de las bajas por depuración, promoviendo el empleo de medios telemáticos.
8. Remitir a la FEMP las Instrucciones dictadas por la Dirección General de Tráfico que afecten a la gestión tributaria en materia del IVTM.

Cuarta.- Obligaciones de la Entidad Local

1. Interesar de los ciudadanos que acudan a empadronarse la cumplimentación del modelo de solicitud de duplicado por cambio de domicilio del permiso de circulación o del permiso de conducción que se incluye como anexo III al presente Convenio o, en su caso, incluir en el modelo oficial establecido al efecto de solicitud de certificado de empadronamiento una casilla que el ciudadano pueda tachar con la leyenda siguiente: "con la presente solicitud autorizo al Ayuntamiento de a que comunique a la Jefatura Provincial o Local de Tráfico el cambio de domicilio de mi permiso de circulación o de conducción".
2. Comunicar a la Jefatura Provincial o Local de Tráfico correspondiente a su ámbito territorial los cambios de domicilio en un plazo máximo de diez días hábiles desde que tenga entrada la solicitud.
3. Convenir con la Jefatura Provincial o Local de Tráfico correspondiente el sistema en el que deban efectuarse las comunicaciones de los nuevos domicilios, promoviendo en la medida en que sea posible el empleo de medios telemáticos (archivo informático, correo electrónico, etc.). De no ser posible, podrán utilizarse otros medios como el correo, fax, etc.
4. Convenir con la Jefatura Provincial o Local de Tráfico el sistema de acceso a los datos que sobre los vehículos matriculados constan en el Registro de Vehículos, fomentando el empleo de sistemas telemáticos o el envío, en su caso, de los datos en formato electrónico.

5. *Convenir con la Jefatura Provincial o Local de Tráfico los medios para la remisión de las variaciones relativas a los vehículos siempre que tengan trascendencia tributaria para la gestión del IVTM, fomentando en la medida que se posible la realización de las comunicaciones a través de medios telemáticos.*

6. *Convenir con la Jefatura Provincial o Local de Tráfico correspondiente el sistema en el que deba efectuarse la comunicación de las bajas por depuración, promoviendo el empleo de medios telemáticos.*

7. *Comprobar el cumplimiento de los requisitos legalmente previstos para solicitar el cambio de domicilio del permiso de circulación o de conducción por parte del interesado.*

8. *Recoger el permiso de circulación del vehículo, que será remitido a la Jefatura Provincial o Local de Tráfico correspondiente y entregar al solicitante del cambio de domicilio una fotocopia de aquél debidamente cotejada en la que se estampará una diligencia de acuerdo con el formato y contenido previstos en el anexo IV.*

Quinta.- Naturaleza

El presente Convenio tiene naturaleza administrativa y se encuentra entre los supuestos expresamente excluidos del ámbito de aplicación del Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de junio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, según se determina en su artículo 3.1.c).

Sexta.- Plazo de vigencia y causa de resolución

El presente Convenio entrará en vigor al día siguiente de su firma y tendrá vigencia por un año, que se prorrogará de manera automática por idéntico plazo, salvo que se resuelva por alguna de las causas siguientes:

- Mutuo acuerdo de las partes manifestado por escrito.*
- Denuncia hecha por cualquiera de las partes, con tres meses de antelación.*
- Incumplimiento grave de cualquiera de las partes de los Acuerdos del Convenio.*

Séptima.- Financiación

El presente Convenio no genera obligaciones económicas para ninguna de las partes firmantes del mismo.

Octava.- Comisión de seguimiento

Con el fin de coordinar las actividades necesarias para la ejecución del presente Convenio, así como para llevar a cabo su supervisión, seguimiento y control, se creará una Comisión Mixta de Coordinación y Seguimiento compuesta por tres representantes de la JCT, nombrados por el Director General de Tráfico, y otros tres de la FEMP, nombrados por su Presidente.

En calidad de asesores, con derecho a voz, podrán incorporarse cualesquiera otros funcionarios que se considere necesario.



Concello de Vimianzo

Tendrá, entre otras, la facultad de resolver los problemas de interpretación y cumplimiento del presente Convenio. A tal efecto, se aplicarán los principios de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, para resolver las dudas y lagunas que pudieran plantearse, de acuerdo con lo previsto en su artículo 3, apartado 2.

La Comisión se reunirá a instancia de cualquiera de las partes y, al menos, una vez cada seis meses, para examinar los resultados e incidencias de la colaboración realizada.

Novena.- Cuestiones litigiosas

Las cuestiones litigiosas que puedan surgir en la interpretación y cumplimiento del presente Convenio y que no sean resueltas por la Comisión de Coordinación y Seguimiento, se someterán al conocimiento y competencia del Orden Jurisdiccional de lo Contencioso-Administrativo.

Así lo acuerdan y firman por duplicado ejemplar en el lugar y fecha al principio indicados.

EL DIRECTOR GENERAL DE TRÁFICO

EL SECRETARIO GENERAL DE LA
FEMP

Fdo.: Pere Navarro Olivella.

Fdo. Julio Alberto Torres Pérez

ANEXO I

SOLICITUD DE ADHESIÓN AL CONVENIO

En sesión del Pleno celebrado el día de de 200X del (Ayuntamiento, Diputación, Cabildo, Consejo Insular, Mancomunidad, etc.) se ha acordado solicitar la adhesión íntegra al Convenio suscrito entre el Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de Municipios y Provincias para el intercambio de información y la mutua colaboración administrativa, firmado en Madrid el de de 200X..

Fecha y firma del Alcalde

SR. JEFE PROVINCIAL/LOCAL DE TRÁFICO

ANEXO II

PROTOCOLO DE ADHESIÓN AL CONVENIO

Reunidos en a de de 200X, de una parte el Jefe Provincial/Local de Tráfico de y de otra, el Alcalde del Ayuntamiento de se adhieren expresamente y de manera íntegra al Convenio suscrito entre el Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de Municipios y Provincias para el intercambio de información y la mutua colaboración administrativa, firmado en Madrid el de de 200X.



Concello de Vimianzo

LOS

DATOS

Los datos contenidos en esta solicitud necesarios para el desarrollo de las competencias de este

Organismo, serán tratados informáticamente. (art. 5.1 de la Ley 15/99 de 13 de diciembre)

ANEXO IV

DILIGENCIA DE LA FOTOCOPIA DEL PERMISO DE CIRCULACION

ESTA FOTOCOPIA ES FIEL REFLEJO DEL ORIGINAL Y
SUSTITUYE AL PERMISO DE CIRCULACIÓN DEL VEHÍCULO,
POR UN PERIODO DE 60 DÍAS DESDE LA FECHA SEÑALADA, AL
HABER SOLICITADO SU TITULAR EL CAMBIO DE DOMICILIO.
(Convenio DGT-FEMP, cláusula cuarta, núm. 8)
AYUNTAMIENTO DE, DE DE 20"

O alcalde explica que este convenio é importante, pois consiste en facer trámites na Policía Local de Vimianzo de cambio de domicilio no permiso de conducir, que evita que os veciños teñan que desprazarse á Coruña.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, que representa a maioría absoluta do número legal de membros, aproba o ditame da comisión, que queda elevado a acordo.

5. Bonificación de ICIO a Don José Luís Suárez Doval e Ganadería Ramos, S.C.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame favorable, por unanimidade de tódolos membros presentes, da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o 21 de outubro de 2014, da que se transcribe só a parte dispositiva:

"(...) PRIMEIRO.- Declarar un especial interese municipal nas obras a realizar por Don José Luís Suárez Doval e Ganadería Ramos S.C., por existir as circunstancias sociais antes expostas.

SEGUNDO.- Conceder unha bonificación do 95 % do ICIO a Don José Luís Suárez Doval e Ganadería Ramos S.C.

TERCEIRO.- Que se proceda a dar traslado de dito acordo aos interesados, con indicación dos recursos que procedan."

O alcalde explica que esta corporación adoptou no seu momento un acordo para bonificar ata un 95% o ICIO para as construcións agrogandeiras. Sinala que é un compromiso da corporación cunha actividade económica esencial no municipio.

O Sr. Miñones Riveiro mostra o seu apoio.

O Sr. Soto Pérez reitera a súa satisfacción por aquel acordo que impulsou IxV, do cal se vai beneficiar unha persoa que foi concelleiro do BNG. Mostra o seu apoio.

O Sr. Amado Sambade está totalmente dacordo.

O concelleiro non adscrito tamén está dacordo.

O alcalde di que da gusto escoitar ao concelleiro de IxV, debe ser que o goberno municipal non o está a facer tan mal, nin o alcalde é tan dictador cando acolle as propostas doutros grupos, e polo tanto non tiña sentido aquela barbaridade de moción de censura. Pero considera que hai que dicilo todo: IxV presentou como candidato ás eleccións ao que fora alcalde vintecinco anos e tivo que ser esta corporación, con este alcalde á fronte, quen aprobou esta bonificación.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, que representa a maioría absoluta do número legal de membros, aproba o ditame da comisión, que queda elevado a acordo.

6. Bonificación de ICIO a Dona María Soledad Facal Pérez.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame favorable, por unanimidade de tódolos membros presentes, da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o 21 de outubro de 2014, da que se transcribe só a parte dispositiva:

"(...) PRIMEIRO.- Conceder a D^a. María Soledad Facal Pérez unha bonificación do 95% no Imposto de Construcións, Instalacións e Obras en relación coa licenzas de obra no polígono industrial de Vimianzo por ser de especial interese municipal.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo aos servizos económicos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos."

O alcalde explica que se trata dunha bonificación á instalación no polígono industrial, aínda que, considera, a bonificación máis importante é que se rebaixe o prezo das parcelas, propiedade de Suelo Empresarial del Atlántico (SEA), participada pola Xunta ao 25% e polo goberno central ao 75% e presidida polo conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O Sr. Miñones Riveiro di que van votar a favor e lembra que esta é a pista de padel pola que el preguntou nun pleno anterior.

O Sr. Soto Pérez móstrase satisfeito porque se recolla unha proposta súa. Considera que dende o servizo de Promoción Económica debería haber un esforzo en promocionar o polígono para evitar que a xente nova teña que marchar para Coruña.

O Sr. Amado Sambade está dacordo.

O Sr. Rodríguez Blanco está totalmente dacordo coa bonificación e tamén coa baixada do prezo do metro cadrado no polígono.

O alcalde insiste en que lle satisfai moito o que di o voceiro de IxV, pero reitera en que o candidato dese partido político foi alcalde de Vimianzo. Afirmar que a mellor campaña de promoción é rebaixar o prezo das parcelas, e eso o concello non o pode facer porque non é o propietario do parque. Di que se traballou no seu momento e incluso houbo unha persoa contratada no servizo de Promoción Económica para promocionar o parque. Señala que quen preside SEA é o conselleiro, e manifesta que en municipios próximos a Vimianzo non teñen problema en que lles leven



Concello de Vimianzo

empresas a parques sen rematar. Afirmar que hai discriminación por parte da Xunta e xa llo ten dito aos responsables da empresa.

Neste intre abandona a sesión o concelleiro do PP Don Juan Silva Jallas, quen manifesta que ten que acudir a un funeral.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, que representa a maioría absoluta do número legal de membros, aproba o ditame da comisión, que queda elevado a acordo.

7. Toma de coñecemento da renuncia do concelleiro do PP D. José Manuel Pérez Trillo.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da lectura ao escrito presentado o 10 de outubro de 2014, con rexistro de entrada nº 8142, polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular D. José Manuel Pérez Trillo.

Transcríbese íntegramente o mencionado escrito:

Don José Manuel Pérez Trillo, con D.N.I. 76.342.009-H, concelleiro da Corporación municipal de Vimianzo polo grupo do Partido Popular nas eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011,

EXPOÑO:

Que mediante o presente comunico a miña renuncia á acta de concelleiro así como ás obrigas que derivan de dita condición, polo cal

SOLICITO:

A posta en coñecemento do Pleno da Corporación desta renuncia e o cumprimento dos trámites preceptivos diante da Xunta Electoral Central para que se proceda á miña substitución.

En Vimianzo, a 10 de outubro de 2014

O concelleiro

José Manuel Pérez Trillo

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO"

Con data 22 de outubro de 2014 e rexistro de entrada nº 8538 o voceiro do grupo municipal do Partido Popular D. Juan Carlos Amado Sambade presentou un escrito, que se transcribe íntegramente:

"JUAN CARLOS AMADO SAMBADE, con DNI 76368419R, con domicilio no lugar de Braño parroquia de Carantoña, concello de Vimianzo, en calidade de portavoz do grupo municipal do partido popular no concello de Vimianzo,

EXPÓN:

1º Que en datas recenté produciuse a renuncia a acta como concellal electo, na candidatura de Partido Popular de Vimianzo, do conselleiro e membro electo don Manuel Pérez Trillo.

2º Segundo a normativa electoral vixente procede poner en marcha o procedimientto para que o conselleiro dimitido sexa substituído polo seguinte en orden de prelación.

Polo exposto SOLICITO:

Que se teña por presentada a renuncia do conselleiro don Manuel Pérez Trillo, polos motivos exposto e se tramite a substitución dando conta ao Pleno que se celebre de inmediato, e se poña en marcha o procedimientto de substitución polo seguinte na lista presentadas as últimas eleccións municipais.

En Vimianzo a, 21 de outubro de 2014-

Asdo. Juan Carlos Amado Sambade"

Consta no expediente o anuncio do BOP nº 78, do 26 de abril de 2011, da Xunta Electoral de Zona de Corcubión de publicación das candidaturas ás eleccións locais do 2011.

En cumprimento do disposto na Instrucción do 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral central, sobre substitución de cargos electivos locais (BOE núm. 171 do 18/07/2003), a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante é Don Germán Graíño Martínez, que ocupa o posto número oito (8) da candidatura do Partido Popular.

O alcalde sinala, respecto do escrito do Sr. Amado, que a renuncia é individual, do propio concelleiro, non do grupo político.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

8. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta do anuncio de aprobación definitiva de suplemento de crédito SC/01/2014, aprobado inicialmente polo pleno o 30 de agosto de 2014 (BOP nº 187 do 1 de outubro de 2014).

9. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 27 de setembro de 2014, isto é, dende a resolución núm. 1196, do 25/09/2014 ata a resolución núm. 1350, do 21/10/2014.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

10. Mocións.

Non hai mocións.



Concello de Vimianzo

11. Rogos e preguntas.

11.1. Grupo municipal do PSdeG-PSOE

O Sr. Miñones Riveiro formula dúas preguntas: en primeiro lugar, pregunta polo POS 2015; en segundo lugar, pregunta se xa foron entregados os títulos da concentración parcelaria de Cereixo e Carnés.

O Sr. Alcalde sinala, respecto do POS 2015, que a idea do goberno é adicar o 60% a obras e o 40% restante a gasto corrente, tal como se ven facendo nos últimos cinco ou seis anos.

Respecto á parcelaria, o alcalde indica que a información que ten é que se están resolvendo algúns recursos, e agarda que estean entregados os títulos antes de maio de 2015.

11.2. Grupo municipal de IxV

O Sr. Soto Pérez lembra que na última sesión ordinaria preguntoulle polo tema da bonificación do IBI proposta polo seu grupo, e o alcalde quedou en convocar unha comisión cos técnicos. Considera importante adoptar algún acordo de inmediato, para que poda entrar en vigor antes do 1 de xaneiro de 2015.

En segundo lugar, pregunta se ten coñecemento de que unha empresa renunciou á adxudicación dunha subvención do Inega, quere saber se rematou o prazo de xustificación desa subvención e de quen é a responsabilidade.

En terceiro lugar, volve a preguntar, coma na sesión anterior, que pasa coa obra de saneamento en Sansobre.

E por último, formula unha cuarta pregunta: como vai o expediente do camiño de Reboredo.

O Sr. Soto Pérez formula os seguintes rogos:

1º. Hai tres ou catro anos falouse de Vimianzo como posible sede do Parque do Megalitismo. É un tema prioritario que se debería impulsar.

2º. Gustaríalle que o concello potenciara tódolos cursos que se podan dar e que se inicien xestións para contar cunha escola de idiomas.

O alcalde responde que por suposto que lle gustaría que Vimianzo contase cunha Escola Oficial de Idiomas, pero xa sabe o Sr. Soto Pérez que é unha competencia da Consellería de educación. Non ten problema en trasladar esta petición, pero á vista do que houbo de acontecer coa escola de Carnés e que a E.O.I. de Cee pende dun fío por falta de alumnos, o panorama non semella moi propicio.

Respecto aos cursos, o alcalde está dacordo en que se potencie a formación e de feito o Concello de Vimianzo é unha referencia na comarca, en colaboración con traballadores e empresarios, aparte das escolas culturais e deportivas - que tamén son formación - e a formación de adultos, con resultados máis que positivos.

O alcalde responde que o Parque do Megalitismo é unha vergoña e unha tomadura de pelo da Xunta. Di que lle dan pena os propietarios da Arquíña de Vilaseco, porque descoñecían totalmente a situación e que está prevista a expropiación dos terreos. A Xunta aprobou un Plan Sectorial, no que se prevé a expropiación dos terreos nos que se ubican os ens. Nos vindeiros días vai facer unha reunión para informar aos propietarios, xa que a Xunta de Galicia fallou estrepitosamente neste tema. Se gastan un millón de euros en facer unha rotonda para promocionar un parque empresarial sen rematar na comarca, coa cuarta parte poderían facerse moitas cousas.

Respecto ao camiño de Reboredo, o alcalde responde que o expediente de investigación estase tramitando. Aínda hai expedientes de investigación moitísimo máis atrasado, como é o caso de Tines, acordado polo pleno hai oito anos e que aínda está sen resolver, porque se adoptou un acordo de inicio e gardouse nun caixón.

O alcalde sinala que non tiñan previsto solicitar a subvención do Inega, pero chamoulle un alcalde da zona e invitouno a participar, para acadar máis puntos, e decidiu colaborar. A xestión da subvención delegouse en Fisterra, veu a subvención aprobada e cada concello contratou por separado, sendo Vimianzo o único que fixo un procedemento aberto, con mesa de contratación e criterios obxectivos de adxudicación. O proxecto aprobado polo Inega levaba unha marca comercial pero o concello puxo no prego de prescricións técnicas características técnicas similares. A empresa proposta como adxudicataria renunciou, a segunda mellor oferta era a empresa da marca comercial e non cumpriu axeitadamente o requerimento, polo cal se entendi que retiraba a súa oferta, e a terceira mellor oferta resultou adxudicataria do contrato e está en prazo para executar as obras e ten toda dispoñibilidade para facelo. Pensa coma el en que haberá que pedir responsabilidades porque o acontecido coa primeira e a segunda mellor ofertas non é normal.

Respecto ao IBI, o alcalde di que vai falar co xefe dos servizos económicos para concertar esa reunión,

O Sr. Soto Pérez pide que sexa pola tarde, se pode ser.

11.3. Grupo municipal do PP

O Sr. Amado Sambade di que en Tufiños parece ser que xunta a casa do Chino pecharon un acceso a unha finca con material. Pregunta que se sabe dese tema.

O voceiro do PP ten un rogo: que se adecenten uns camiños...

O alcalde dille que non sabe o que lle acaba de preguntar e polo tanto non lle pode responder. Sinala que están tratando de responder ás demandas de arranxo das pistas, pero tamén lle pide apoio cando leva asuntos ao pleno, porque os camiños hai que facelos e hai que pagalos.

11.4. Concelleiros non adscritos

O Sr. Rodríguez Blanco pide que explique o que sae hoxe en La Voz de Galicia, e levanta o xornal para mostrar a noticia do expediente do arquitecto municipal. Dille ao alcalde que xa lle advertiron moitas veces que tiña que traer ese expediente ao pleno, pero o alcalde nunca fixo caso e agora é o xuíz quen llo di.


O concelleiro non adscrito mostra unhas fotografías en tamaño DIN A4 sobre as obras da estrada Treos-Tines e pregunta se está totalmente rematada. Dille ao Sr. Mancebo Amigo que se agoche no cuarto de baño e non saia ata que lle abra a porta. Pregunta se a obra está finalizada, porque os tramos non teñen todos o mesmo ancho e porque non se fixo nada en Sandrexo.

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta pola minidepuradora de Baíñas, se hai problemas con Augas de Galicia e coa dispoñibilidade de terreos.

Pregunta pola obra de saneamento de Manlle e Urroa.

Respecto á última pregunta, o alcalde responde que lle pida intercesión ao Sr. Amado para que denuncia na Xunta, como dixo na prensa respecto da obra de Treos-Tines. Sinala que mentras a Xunta non lle entregue a obra ao concello, o alcalde non intervén para nada na mesma. Claro que lles comunican cuestións ao concello, pero non teñen poder de decisión.

Respecto da minidepuradora de Baíñas, o alcalde di que non sabe se o candidato do PP en Dumbría é o seu asesor, pero está meténdolle problemas a ese contratista, que chamou ao alcalde e é veciño do concelleiro non adscrito e foi contratista co anterior goberno. Di que tamén é un veciño do Sr. Rodríguez Blanco quen leva o tema da electricidade. Afirmo que ao concelleiro non adscrito leváronlle electricidade e saneamento estando a súa vivenda en solo rústico. Di que están cos trámites de dar de alta a instalación eléctrica, por eso aínda non se fixeron os enganches nin está funcionando a EDAR. Agora contactar con Gas Natural Fenosa e tramitar un expediente leva seis meses ou máis. Nega que exista algún problema con Augas de Galicia, que el saiba. Sinala que nada máis chegar á Alcaldía veu o representante de Augas de Galicia dicirle que ningunha fosa tiña autorización de verquido. Chegouse a un acordo con el para dar de alta 40



Concello de Vimianzo


puntos de verquido, un traballo moi laborioso. Di que o concelleiro de obras naquel momento era o Sr. Rodríguez Blanco e que o actual goberno non quere facer o que fixo o anterior.

Sinala o alcalde que a obra de ensanchamento da estrada Treos-Tines está rematada, pero o goberno ten claro que dentro de tres ou catro anos hai que darlle unha capa da rodadura, por eso sae eso nas fotos. Explica que están intentando que Telefónica retire eses postes, que son un perigo para a circulación. Se fora cousa do concello xa estaría feito.

Sinala que entre Sandrexo e Tines hai un castro que está protexido, e o control arqueolóxico impediu ensanchar nese tramo o previsto. Algún veciño di que o Sr. Rodríguez Blanco tivo algo que ver. Pídelle que se presente ás eleccións. Di que con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental deste ano fíxose unha senda en Treos, pero son obras distintas. Dille que o que ten que facer e solicitar ver os expedientes e informarse.



Ao respecto do arquitecto municipal, o alcalde considera que quizais o Sr. Rodríguez Blanco pode dicirlles algo. Di que coñece a sentenza, e o motivo de anulación é a resolución da recusación da Segunda Tenente de Alcalde. Di que o expediente foi instruído por funcionarios independentes, e o xuíz validouno totalmente. Obviamente, o alcalde di que lle gustaría que o expediente fose totalmente validado polo xulgado, pero o que se buscou é que ninguén poda estar á fronte dese expediente para que non se resolva. A sentenza di que hai que retrotraer o expediente á fase de resolución da recusación, que ía contra varios membros da Corporación, agás contra todos aqueles que aprobaron en pleno unha moción que pretendía suspender o expediente. Considera que o concelleiro non adscrito ten que explicarlle á xente porque ten tanto interese neste expediente. A xente ten que saber porque o Sr. Rodríguez Blanco non quere que se sancione ao arquitecto, porque foi testificar ao seu favor, porque mandou unha carta en termos intimidatorios ao instructor... O alcalde pregúntase se é porque o arquitecto municipal lle fixo un informe de antigüidade da súa vivenda cando o propio concelleiro non adscrito dixo nun pleno que non pode ser tan antiga porque non fixo a casa con dezaseis anos.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e trinta e catro minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinte e cinco de outubro de dous mil catorce.




ANEXO I

Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto	Fecha Firma
1196/2014	2014/G003/000977	SOLIC. CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE TERESA JESUS FREIRE FERNANDEZ, MARTIN E TANIA FRANCO FREIRE PARA O PETON, 8, BERDOIAS	25/09/2014
1197/2014	2014/G003/000978	APROBACION CERTIFICACION FINAL DA OBRA DE MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITUADOS EN MONTECELOS, TREOS, REPARADA, URROA E BAIÑAS, E ACORDO DE ORDENACIÓN DE PAGO DA MESMA	25/09/2014
1198/2014	2014/G003/000976	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA UN TORNEO DE PETANCA SOLICITADO POR D. OSCAR SANTOS RODRÍGUEZ	26/09/2014
1199/2014	2014/G003/000979	SOLICITUDE DE LICENZA CELEBRACION FESTAS EN QUINTANS-TREOS OS DIAS 26, 27 E 28 DE SETEMBRO NA HONRA DE SAN MIGUEL	26/09/2014
1200/2014	2014/G003/000980	AUTOLIQUIDACION DO CANÓN DA AUGA PERÍODO SEGUNDO CUADRIMESTRE 2014 A FAVOR DE AUGAS DE GALICIA	26/09/2014
1201/2014	2014/G003/000981	SOLIC. ALTA NO PMH JOSÉ MARIA PARDIÑAS POSE PARA AREOSA, 15, TREOS	26/09/2014
1202/2014	2014/G003/000982	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000085 PROMOVIDO POR D.ª MERCEDES MIÑONES POSE	26/09/2014
1203/2014	2014/G003/000983	DELEGACION ESPECIAL NA CONCELLEIRA D.ª MÓNICA RODRÍGUEZ ORDÓÑEZ PARA A CELEBRACIÓN DE VODA CIVIL NO CONCELLO	26/09/2014
1204/2014	2014/G003/000985	DELEGACION ESPECIAL NA CONCELLEIRA D. JOSÉ ANTONIO MIÑONES RIVEIRO PARA A CELEBRACIÓN DE VODA CIVIL NO CONCELLO	26/09/2014
1205/2014	2014/G003/000987	PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN E OBRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "ILE 2014: REFORMA DE ALUMEADOS".	26/09/2014
1206/2014	2014/G003/000984	AUTORIZACIÓN DE CELEBRACIÓN DE VODA CIVIL NO CONCELLO PROMOVIDA POR D.ª TRINIDAD BLANCO BLANCO E D. ENRIQUE FERNÁNDEZ REGUEIRO	29/09/2014
1207/2014	2014/G003/000986	AUTORIZACIÓN DE CELEBRACIÓN DE VODA CIVIL NO CONCELLO PROMOVIDA POR D.ª MARTINA MENDEZ QUINTANA E D. PABLO BARBEIRA LÓPEZ	29/09/2014
1208/2014	2014/G003/000990	NOMINA DO MES DE SETEMBRO 2014	29/09/2014
1209/2014	2014/G003/000991	CONCESIÓN DUNHA PRAZA VACANTE DE TARDE NA EIM	29/09/2014
1210/2014	2014/G003/000992	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE MONSERRAT LOPEZ MOSQUERA, ANXO E MANUELA LADO LOPEZ PARA TRAS DO MUIÑO, 8-2º A	29/09/2014
1211/2014	2014/G003/000993	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE IGNACIO INFESTA SAR	29/09/2014
1212/2014	2014/G003/000994	SOLICITUDE DE BAIXA DO XIMNASIO MUNICIPAL DE NAIR LUACES VIDAL	29/09/2014
1213/2014	2014/G003/001001	EXECUCIÓN AUTO DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1, POLO QUE SE RESOLVE A PEZA SEPARADA DE MEDIDAS CAUTELARES 0000260/2014 0001	30/09/2014
1214/2014	2014/G003/000995	SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO CONTRATO ADMNISTRATIVO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE "ESCOLA DE TÉATRO"	30/09/2014
1215/2014	2014/G003/000996	APROBACION DA FACTURA DE ELABORACION DO AUDIOVISUAL DA FESTA DA FAGUIA DE CARNES	30/09/2014
1216/2014	2014/G003/000997	AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POLA ASOCIACIÓN AS TRUBISQUIÑAS	30/09/2014
1217/2014	2014/G003/000998	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POR ESTUDIOS RAFER, SL.	30/09/2014
1218/2014	2014/G003/000999	SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO CONTRATO ADMNISTRATIVO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE "OBRADOIRO DE ARTE"	30/09/2014
1219/2014	2014/G003/001000	SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO CONTRATO ADMNISTRATIVO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE "ESCOLA DE MÚSICA E DANZA".	30/09/2014
1220/2014	2014/G003/001002	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DO DÉCIMO ANIVERSARIO DA FUNDACIÓN DO FISOBER, F.S.F., PRESENTADO POR JULO LEMA MIÑONES	30/09/2014
1221/2014	2014/G003/001003	DANOS A BENS MUNICIPAIS POR MOR DUN ACCIDENTE DE CIRCULACIÓN NO LUGAR DA GANDARA COA AC 441, NA PARROQUIA DE BAIÑAS	30/09/2014
1222/2014	2014/G003/001004	SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO CONTRATO ADMNISTRATIVO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE "ESCOLAS DEPORTIVAS".	30/09/2014
1223/2014	2014/G003/001005	CONCESIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON GRAVES PROBLEMAS DE MOBILIDADE AO SEÑOR JOSE MANUEL GÁNDARA RIVEIRO - DNI: 76368938Z	30/09/2014



1224/2014	2014/G003/001006	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 28 DE ABRIL DE 2014, DO PROXECTO DOCUMENTAL SOBRE "A FAGUÍA DE CARNÉS	30/09/2014
1225/2014	2014/G003/001007	CONTRATO MENOR PARA A CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E DA COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE PARA A OBRA DE "ADAPTACIÓN E REFORMA DE SOTO NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIO-CULTURAL EN BAIÑAS"	30/09/2014
1226/2014	2014/G003/001008	CONCESIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON GRAVES PROBLEMAS DE MOBILIDADE PARA O SEÑOR AMADOR ANTELO BARRIENTOS. DNI: 76297961S.	30/09/2014
1227/2014	2014/G003/001009	AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR PRÁCTICAS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VIMIANZO PARA ANA MARÍA TOBA TRILLO DNI:79325110L	01/10/2014
1228/2014	2014/G003/001010	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH FLORIN BUTICA	01/10/2014
1229/2014	2014/G003/001011	SOLIC QUE SE ME DEÁ DE BAIXA NO PADRON DE AUGA E SE RETIRE O CONTADOR EN VILASECO 43 CASTRELO	01/10/2014
1230/2014	2014/G003/000989	ORDE DE EXECUCIÓN PARA PROCEDER A ADOPTAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA MANTER EN CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO NAS FINCAS 1196, 1197 E 1198, SITUADAS EN VIMIANZO	02/10/2014
1231/2014	2014/G003/001012	APROBACION LINEAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2015	02/10/2014
1232/2014	2014/G003/001013	REITERACIÓN DO REQUIRIMENTO EFECTUADO PARA QUE SE PROCEDA Á LIMPEZA DE FINCA SITUADA NO LUGAR DE VILASECO, PARROQUIA DE CASTRELO	02/10/2014
1233/2014	2014/G003/001014	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E OBRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "AFORRO ENERXÉTICO E FOMENTO DO USO DE ENERXÍAS RENOVABLES NO CONCELLO DE VIMIANZO MEDIANTE INSTALACIÓN DE MINIEÓLICA NO PARQUE EMPRESARIAL".	02/10/2014
1234/2014	2014/G003/001015	RESOLUCION ALTA SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR JOSEFINA LAVANDEIRA ANDUJAR	02/10/2014
1235/2014	2014/G003/001016	TOMA DE RAZÓN DE RENUNCIA E NOVA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN E OBRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "ILE 2014: REFORMA DE ALUMEADOS".	02/10/2014
1236/2014	2014/G003/001017	PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA "REDE DE SANEAMENTO NO OUTEIRO-BAIÑAS", FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL-LIÑA DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA 2014.	02/10/2014
1237/2014	2014/G003/000988	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POLO CFR CENTRO COLABORADOR VIMIANZO.	03/10/2014
1238/2014	2014/G003/001018	APROBACION DE GASTO POR COTIZACIONES DE MUFACE E COTAS DE CLASES PASIVAS DO MES DE SETEMBRO/2014 DO ALCALDE DON MANUEL ANTELO PAZOS	03/10/2014
1239/2014	2014/G003/001019	AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POLA ASOCIACIÓN XUVENIL CHERINKAS	03/10/2014
1240/2014	2014/G003/001020	SOLIC CAMBIO DOMICILIO NO PMH DE CANDELA LOPEZ OANES PARA BRAÑO 2 CARANTOÑA	03/10/2014
1241/2014	2014/G003/001021	SOLIC CAMBIO NO PMH ESTANISLAO LEMA PEREZ, MARIA BARCA PRECEDO CASTRO, MIREIRA LEMA PRECEDO PARA MONTECELOS 56	03/10/2014
1242/2014	2014/G003/001022	SOLIC MODIFICACION DATOS NO PMH ONDE DI ALBORES DEBE DICIR ALVORES	03/10/2014
1243/2014	2014/G003/001023	BAIXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL DE ESPERANZA CUNDINS RODRIGUEZ	06/10/2014
1244/2014	2014/G003/001024	NOMINAS FINIQUITO PEONS DESBROCE DOS ACCESOS AOS NUCLEOS DE POBOACION 2014	06/10/2014
1245/2014	2014/G003/001026	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE ADAPTACIÓN E REFORMA DO SOTO NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIOCULTURAL EN BAIÑAS.	06/10/2014
1246/2014	2014/G003/001025	INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	06/10/2014
1247/2014	2014/G003/001027	SOLIC ALTA NO PMH DE BEATRIZ AMADO ANTELO PARA ARXOMIL, 13-TREOS	06/10/2014
1248/2014	2014/G003/001028	ALTA NO PMH IRIA CAGIGAO RODRIGUEZ PARA O ARXOMIL, 13, TREOS	06/10/2014
1249/2014	2014/G003/001029	EXENCIÓN DA COTA DE PAGAMENTO POR PERIODO DE DESCANSO NO CENTRO DE DÍA MUNICIPAL DE VIMIANZO PARA A SEÑORA MARÍA DULZURA FERNÁNDEZ SUÁREZ. DNI: 76316543J.	06/10/2014
1250/2014	2014/G003/001031	RENOVACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON GRAVES PROBLEMAS DE MOBILIDADE PARA O SEÑOR: CELESTINO VILLAR PAZ. DNI: 76303556K	06/10/2014






1251/2014	2014/G003/001032	APROBACION DOS PADRONS FISCAIS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MES SETEMBRO 2014	07/10/2014
1252/2014	2014/G003/001033	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE MELLORA DE VIAL DE ACCESO AO LUGAR DA GÁNDARA	07/10/2014
1253/2014	2014/G003/001034	SOLIC ALTA NO PMH DE GUSTAVO MANUEL MOREIRA VILLARRUEL NA PIROGA, 14-1º BAMIRO	07/10/2014
1254/2014	2014/G003/001035	SOLIC MODIFICACION DATOS NO PMH, ONDE DI MIRELLA DEBE DICIR "MIREIA"	07/10/2014
1255/2014	2014/G003/001036	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR BARBARA CANCELA FONTENLA	07/10/2014
1256/2014	2014/G003/001037	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR VICTOR DANIEL LEMA PEREZ	07/10/2014
1257/2014	2014/G003/001038	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR ERNESTO LISTA CAMPAÑA	07/10/2014
1258/2014	2014/G003/001039	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR ANA ISABEL RIAL CORZON	07/10/2014
1259/2014	2014/G003/001040	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR ANA MARIA RODRIGUEZ LEMA	07/10/2014
1260/2014	2014/G003/001041	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR JAVIER SANTABAYA VILELA	07/10/2014
1261/2014	2014/G003/001042	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR MARIA ANGELES SAMPEDRO VARELA	07/10/2014
1262/2014	2014/G003/001043	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR MONTSERRAT SOLIS CAAMAÑO	07/10/2014
1263/2014	2014/G003/001044	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR MARIA CARMEN LEMA MENDEZ	07/10/2014
1264/2014	2014/G003/001045	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR MARTA BLANCO BLANCO	07/10/2014
1265/2014	2014/G003/001046	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR MAR PAZOS SPATA	07/10/2014
1266/2014	2014/G003/001047	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR ERIC MARTINEZ SOUTO	07/10/2014
1267/2014	2014/G003/001048	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR LOURDES PAZOS VAZQUEZ	07/10/2014
1268/2014	2014/G003/001049	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR ISABEL RAMOS PAZOS	07/10/2014
1269/2014	2014/G003/001050	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA POLO CONSUMO DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DA TOXA, 25, PARROQUIA DE VIMIANZO	08/10/2014
1270/2014	2014/G003/001051	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DA TOXA, 28, PARROQUIA DE VIMIANZO.	08/10/2014
1271/2014	2014/G003/001052	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA POLO CONSUMO DE AUGA MUNICIPAL DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE BRAÑO, 107, PARROQUIA DE CARANTOÑA.	08/10/2014
1272/2014	2014/G003/001053	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE BRAÑO, 107, PARROQUIA DE CARANTOÑA.	08/10/2014
1273/2014	2014/G003/001054	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000090 PROMOVIDO POR D. CELESTINO TRILLO TOMÉ	08/10/2014
1274/2014	2014/G003/001055	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA POLO COMSUMO DE AUGA MUNICIPAL DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE TUFÍONS, 6C, PARROQUIA DE CEREIXO POR Dª. LUISA TAJES PÉREZ	08/10/2014
1275/2014	2014/G003/001056	AUTOLIQUIDACIONES DO CANON DA AUGA POR CONSUMOS PROPIOS PERIODO SEGUNDO SEMESTRE 2012 E 3º CUADRIMESTRE 2013 A FAVOR DE AUGAS DE GALICIA	08/10/2014
1276/2014	2014/G003/001057	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DA SALA DE CONFERENCIAS DA CASA DA CULTURA SOLICITADO POR FIDEL ROGET BARRIENTOS	08/10/2014
1277/2014	2014/G003/001058	INCORPORACION DE REMANENTES EXPEDIENTE IR/02/2014	08/10/2014
1278/2014	2014/G003/001059	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO EXPEDIENTE TC/06/2014	08/10/2014
1279/2014	2014/G003/001060	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA POLO CONSUMO DE AUGA MUNICIPAL DO LOCAL. SITUADO NA RÚA CASTELAO, 14 BAIXO, VIMIANZO	08/10/2014
1280/2014	2014/G003/001061	PERSONAMENTO NO P.A. 0000269/2014	08/10/2014
1281/2014	2014/G003/001062	ADXUDICACIÓN DA OBRA "SENDA PEONIL NA CONTORNA DO RÍO CAMBEDA NA ZONA URBANA DE VIMIANZO".	08/10/2014






1282/2014	2014/G003/001063	APROBACION DA LISTAXE DE USUARIOS POR UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Á TAXA POR PRESTACION DE SERVIZOS E UTILIZACION DE INSTALACIONS CULTURAIAS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS E ANALOGOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO MES DE OUTUBRO DO ANO 2014	08/10/2014
1283/2014	2014/G003/001064	SOLIC MODIFICACION NO PMH DATOS RELATIVOS A NACIONALIDADE DE MHAMED RIDA CANDELARIA, DEBE DICIR: HOLANDA	08/10/2014
1284/2014	2014/G003/001065	APROBACION XUSTIFICACION DO PAGO A XUSTIFICAR 7/2014	08/10/2014
1285/2014	2014/G003/001066	PAGO A XUSTIFICAR 8/2014	08/10/2014
1286/2014	2014/G003/001067	SOLIC ALTA NO PMH DE GERMAN SUAREZ REGO EN TINES, 5	08/10/2014
1287/2014	2014/G003/001068	SOLIC ALTA NO PMH DE FRANCISCO JAVIER ANTELO VAZQUEZ PARA PONTERRODA, 21	08/10/2014
1288/2014	2014/G003/001069	CONCESIÓN DE LICENZA POR ASUNTOS PROPIOS: PERMISO NON RETRIBUÍDO A DONA GEMA LEAL INSUA	08/10/2014
1289/2014	2014/G003/001070	SOLIC ALTA NO PMH DE ANDREA SANTOS GARCIA-BARRAL E PEDRO JOSE VIEITES SANTOS EN FONTE DOS CABALOS, 5 A-4º ESQ	09/10/2014
1290/2014	2014/G003/001071	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DO LOCAL DA ESCOLA UNITARIA DO OUTEIRO	09/10/2014
1291/2014	2014/G003/001072	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POR D. CRUZ TOURIÑAN MARTÍNEZ	09/10/2014
1292/2014	2014/G003/001073	NOMEAMENTO DE INTERVENTOR ACCIDENTAL POR PERMISO DA TITULAR	09/10/2014
1293/2014	2014/G003/001074	RECTIFICACIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA NÚM.1288/2014, DE DATA 08/10/2014	09/10/2014
1294/2014	2014/G003/001075	DECLARACIÓN DA NECESIDADE E URXENCIA DE CONTRATAR A UN TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO	09/10/2014
1295/2014	2014/G003/001076	APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DUN TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO	09/10/2014
1296/2014	2014/G003/001077	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E OBRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "AFORRO ENERXÉTICO E FOMENTO DO USO DE ENERXÍAS RENOVABLES NO CONCELLO DE VIMIANZO MEDIANTE INSTALACIÓN DE MINIEÓLICA NO PARQUE EMPRESARIAL".	09/10/2014
1297/2014	2014/G003/001078	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE M ESTHER MIÑONES BARRIENTOS, PABLO ALLER CARON, ANTIA E ALEXANDRE ALLER MIÑONES PARA BRAÑO, 102-CARANTOÑA	09/10/2014
1298/2014	2014/G003/001030	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000091 PROMOVIDO POR D.ª ELENA DIAZ LEMA	11/10/2014
1299/2014	2014/G003/001079	INFORME SOBRE A POSIBILIDADE DE INSTALACIÓN DE EXPOSICIÓN E VENDA DE MAQUINARIA AGRÍCOLA E XARDINERÍA NUN LOCAL SITUADO NO LUGAR DA PIROGA, 21, BAMIRO, PROMOVIDO POR D. MIGUEL ANGEL GARCIA SOUTO	11/10/2014
1300/2014	2014/G003/001080	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA DO LOCAL, SITUADO NA RÚA ANTONIO VÁZQUEZ MOUZO, 23 BAIXO, VIMIANZO POR D. CANDIDO HERNÁNDEZ HERMIDA.	11/10/2014
1301/2014	2014/G003/001081	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA POLO CONSUMO DE AUGA MUNICIPAL DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DA CASIÑA, 8, CARNÉS POR D.ª MAGDALENA ROMERO MOUZO	11/10/2014
1302/2014	2014/G003/001082	SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA RECOLLIDA DO LIXO DUN LOCAL, SITUADO NO LUGAR DE LEXAS, PARROQUIA DE CARANTOÑA POR JAVIER LOURIDO RIAL	13/10/2014
1303/2014	2014/G003/001083	BAIXAS DE CAMBIO DE MUNICIPIO DO FICHEIRO H15092IA.014	13/10/2014
1304/2014	2014/G003/001084	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DO AUDITORIO DA CASA DA CULTURA SOLICITADO POR D. XOSÉ MARÍA COTELO FREIRE	13/10/2014
1305/2014	2014/G003/001085	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE MELLORAS NA CONTORNA DO CEMITERIO VECIÑAL DE CARNÉS.	13/10/2014
1306/2014	2014/G003/001086	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE MELLORAS NA CONTORNA DO LAVADOIRO DA TORRE.	13/10/2014
1307/2014	2014/G003/001087	MODIFICACIONS EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 140 DO FICHEIRO H15092IA.014	13/10/2014
1308/2014	2014/G003/001088	MODIFICACIONS EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 135 DO FICHEIRO H15092IA.014	13/10/2014
1309/2014	2014/G003/001089	MODIFICACIONS EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 131 DO FICHEIRO H15092IA.014	13/10/2014
1310/2014	2014/G003/001091	REQUERIMENTO RECTIFICACIÓN FACTURAS SOGAMA MESES MARZO, ABRIL, MAIO, XUÑO, XULLO E AGOSTO DO 2014.	13/10/2014





1311/2014	2014/G003/001090	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA POLO CONSUMO DE AUGA MUNICIPAL DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DA PIROGA,67, BAMIRO POR D ^a . MARÍA DEL CARMEN PASTORIZA PAZ	14/10/2014
1312/2014	2014/G003/001092	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO ALBERTO PEREZ FIGUEIRAS	14/10/2014
1313/2014	2014/G003/001093	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO MANUEL LADO PEREZ	14/10/2014
1314/2014	2014/G003/001094	SOLICITUDE UTILIZACION XIMNASIO MUNICIPAL POR DAMIAN SALGADO CANOSA	14/10/2014
1315/2014	2014/G003/001095	SOLICITUDE UTILIZACION XIMNASIO MUNICIPAL POR PATRICIA VILAR GARCIA	14/10/2014
1316/2014	2014/G003/001096	SOLICITUDE UTILIZACION XIMNASIO MUNICIPAL POR ELENA DE CASTRO BOUZA	14/10/2014
1317/2014	2014/G003/001097	APROBACION DE RELACION DE FACTURAS F/2014/10 E XUSTIFICANTES DE PAGO, RECOÑECEMENTO E ORDEACION DO PAGO	14/10/2014
1318/2014	2014/G003/001098	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000092 PROMOVIDO POR D. JUAN RAMÓN PAZOS OREIRO	15/10/2014
1319/2014	2014/G003/001099	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PLURIANUAL PARA MELLORA DAS COLECCIÓNS BIBLIOGRÁFICAS DAS BIBLIOTECAS	15/10/2014
1320/2014	2014/G003/001100	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA MUNICIPAL DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA TRAS DO MUIÑO C, 10-3º, VIMIANZO POR D. ^a SARA FANDIÑO SUÁREZ	16/10/2014
1321/2014	2014/G003/001101	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO RÚA TRAS DO MUIÑO C, 10-3º, VIMIANZO POR D. ^a SARA FANDIÑO SUÁREZ	16/10/2014
1322/2014	2014/G003/001102	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MAIORES NÚM. 2014/U008/000034 PROMOVIDO POR D. ^a HERMINDA RAMOS REY	16/10/2014
1323/2014	2014/G003/001103	SOLIC PAVILLON DE VIMIANZO PARA BALONCESTO OS XOVES DE 21 A 23 H	16/10/2014
1324/2014	2014/G003/001104	APROBACIÓN DE PROXECTO E EXPEDIENTE DE CONTRATO MENOR PARA E A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRA 'REHABILITACIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN FLUVIAL:AULA DA AUGA'	16/10/2014
1325/2014	2014/G003/001105	SOLIC PAVILLON DE VIMIANZO OS MERCORES DE 21 A 23 H PARA XOGAR A FUTBOL SALTA	16/10/2014
1326/2014	2014/G003/001106	SOLIC PAVILLON MUNIC PARA TENIS OS MARTES DE 21:30 A 23:30 H	16/10/2014
1327/2014	2014/G003/001107	SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRON DA TAXA POLA RECOLLIDA DO LIXO DUNHA VIVENDA, SITUADA NA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, 12-3º DTA, VIMIANZO POR D. JOSÉ MANUEL PÉREZ COTELO	16/10/2014
1328/2014	2014/G003/001108	INFORME SOBRE AS OBRAS MUNICIPAIS "AULA DA NATUREZA NA ÁREA RECREATIVA DE PRESA DO VAL" AOS EFECTOS DO ART. 41 DA LEI 9/2002	16/10/2014
1329/2014	2014/G003/001109	DECLARAR RETIRADA A OFERTA DE MOONOFF S.L. E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN E OBRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "ILE 2014: REFORMA DE ALUMEADOS" A HILED S.A..	16/10/2014
1330/2014	2014/G003/001110	NOMEAMENTO DE INTERVENTOR ACCIDENTAL POR COMISIÓN DE SERVIZOS DA TITULAR	16/10/2014
1331/2014	2014/G003/001111	APROBACIÓN DO PLAN DE XESTION DE RESIDUOS E DO PLAN DE TRABALLO DA OBRA DE MELLORAS NA CONTORNA DO LAVADOIRO DA TORRE.	17/10/2014
1332/2014	2014/G003/001112	APROBACIÓN DO PLAN DE XESTION DE RESIDUOS E PLAN DE TRABALLO OBRA DE MELLORAS NA CONTORNA DO CEMITERIO VECIÑAL DE CARNÉS.	17/10/2014
1333/2014	2014/G003/001113	INFORME ONDE SE FAGA CONSTAR QUE O LOCAL DE MÁRMOLES VIMIANZO, SITUADO EN OGAS, 20, PARROQUIA DE CAMBEDA, NON SE ATOPA INCURSA EN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, ASÍ COMO QUE A FINCA NON ESTÁ CATALOGADA COMO ZONA VERDE, ESPAZO LIBRE, DOTACIÓN OU EQUIPAMENTOS PÚBLICOS, PROMOVIDA POR D. ^a IRENE OREIRO ANGÜES	17/10/2014
1334/2014	2014/G003/001114	RECTIFICACIÓN DE ERROS DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA NÚM.1305 DE DATA 13/10/2014	17/10/2014
1335/2014	2014/G003/001116	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE BAIÑAS PARA XOGAR O FÚTBOL SALA POR FISOBER F.S.F.	17/10/2014
1336/2014	2014/G003/001118	PAGO DAS RETENCIONS E INGRESOS A CONTA DO IRPF PERIODO 3º TRIMESTRE 2014	17/10/2014
1337/2014	2014/G003/001117	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL DE FAUSTINO POSE HERMIDA	17/10/2014





[Handwritten signature]

1338/2014	2014/G003/001119	PRESENTACION DO MODELO 303 DA AUTOLIQUIDACION POR IVE DO 3º TRIMESTRE 2014	17/10/2014
1339/2014	2014/G003/001115	RECTIFICACIÓN DE ERROS DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚM.1306 DE DATA 13/10/2014	20/10/2014
1340/2014	2014/G003/001120	APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E DO PLAN DE TRABALLO DA OBRA MELLORA DE VIAL DE ACCESO AO LUGAR DA GÁNDARA	20/10/2014
1341/2014	2014/G003/001121	ADXUDICACIÓN DA OBRA NOMEADA "REDE DE SANEAMENTO NO OUTEIRO-BAIÑAS", FINANCIADA CON CARGO AO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2014, LIÑA DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA.	20/10/2014
1342/2014	2014/G003/001122	INFORME ONDE SE FAGA CONSTAR QUE A VIVENDA SITUADA EN SANSOBRE, 14, PARROQUIA DE VIMIANZO, NON SE ATOPA INCURSA EN EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA, NIN DE DERRUBO, PROMOVIDA POR D.ª MARÍA BELÉN MARTÍNEZ BOUZÓN	20/10/2014
1343/2014	2014/G003/001124	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE GUMERSINDA PÉREZ TORRADO	20/10/2014
1344/2014	2014/G003/001123	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000094 PROMOVIDO POR COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ALVARO CUNQUEIRO, 9	20/10/2014
1345/2014	2014/G003/001125	SOLIC ALTA NO PMH EMILIO ROMAR SENRA PARA PASANTES, 10	20/10/2014
1346/2014	2014/G003/001126	APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E DO PLAN DE TRABALLO DA OBRA ADAPTACIÓN DO SOTO NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIO CULTURAL EN BAIÑAS	20/10/2014
1347/2014	2014/G003/001127	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA CON REF. CATASTRAL 2871406NH0727S0001UQ, SITUADA NO LUGAR DA PIROGA, PARROQUIA DE BAMIRO, PROMOVIDA POR D. MANUEL SOUSA VIDAL	21/10/2014
1348/2014	2014/G003/001128	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DA PIROGA, 82, PARROQUIA DE BAMIRO, CON REFERENCIA CATASTRAL 15093B504006540000JZ, , PROMOVIDA POR D.ª CARMEN FEAL RELLÁN	21/10/2014
1349/2014	2014/G003/001129	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DAS FINCAS NÚM. 57, 59 E 61 DO POLÍGONO 39, PROMOVIDA POR D. JUAN VALIÑA PÉREZ	21/10/2014
1350/2014	2014/G003/001130	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA AS FESTAS DE SAN MARTIÑO DE CASTRELO POR ANA SENDON TRILLO	21/10/2014



